


MUSEO ETNOLÓGICO. RIBADAVIA



AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA DE RIBADAVIA
1967 - 2017

XUNTA DE GALICIA

A Agrupación Fotográfica de Ribadavia (AFR)

nace o ano 1967 da man de seis rapaces que irrompen na fotografía galega e española co empuxe e a claridade de ideas que patentizou a actividade desenvolvida nese mesmo ano: proxección de documentais, cursos de fotografía, exposicións de fotografías, establecemento de relacións con outras agrupacións, etc. Dous meses despois da súa inscrición no Goberno Civil xa acadaba os vinte e tres socios.

A **primeira directiva** quedou constituída do modo seguinte: presidente Víctor Manuel López Quijada; secretario Juan Antonio Gómez Vázquez; tesoureiro Hipólito Fernández González; vogal de relacións públicas Luis Olivares Chao; vogal de proxeccións e prácticas fotográficas Antonio Pérez Chao e vogal de publicacións don Enrique Rodríguez Martínez.

*Fundadores da
Agrupación Fotográfica
de Ribadavia. 1967.*

Foto: Hipólito Fernández
González



*Díptico anunciando
o concurso “Foto do
Verán”. 1971.*

Foto: Hipólito Fernán-
dez González



Os **fins da AFR** foron a formación cultural e técnica dos asociados na arte fotográfica e a súa difusión. Para isto realizaron reunións periódicas, prácticas de laboratorio, estudos de iluminación, tomas de vistas, proxeccións, así como organizaron concursos e exposicións fotográficas.

A presentación pública da AFR tivo lugar o **29 de abril de 1967** no Club Artístico de Ribadavia, coincidindo coa IV Feira Exposición de Viños do Ribeiro; expoñéndose fotografías de Hipólito Fernández González, Juan Antonio Gómez Vázquez, Víctor Manuel López Quijada, Luis Olivares Chao e Antonio Pérez Chao.

Formaron parte da AFR, segundo a documentación conservada no Museo Etnolóxico, entre outras persoas, as seguintes: don Ricardo Álvarez García «Richard, don Benito Amil Yglesias, don Pedro Escudero Rodríguez, dona Luisa Fernández, don Hipólito Fernández González, don José Luis García Casanovas, don José Luis García Lebón, don Juan Antonio Gómez Vázquez, don Felipe López, don José Antonio López Martínez, don Manuel López Pousa, don Víctor Manuel López Quijada, don Luis Olivares Chao “Foto Olivares”, don Antonio Pérez Chao “Foto Chao”, dona Zoila Pérez Dávila, don Miguel Ángel Reibelo, don Enrique Rodríguez Martínez, don Benito Rodríguez Rodríguez, don José Luis Sánchez Deaño, don Julio Touza Rodríguez e don Ramón Seoane Araújo; amais de Ignacio Barceló Vidal, socio de honra.

Exposición de “Temas
de la Barceloneta” de
Francisco Vila Masip.
Club Artístico

de Ribadavia. 1967.

Foto: Hipólito Fernán-
dez González



Boa parte da súa actividade tiña como obxectivo a **ensinanza da práctica fotográfica**: aprender a manexar unha cámara, a revelar, a positivar, adquirir unha base teórica; á vez que un espazo no que mostrar as súas fotografías, contrastar opinións, acceder a publicacións, «ver, ver moitas fotografías» como pedía a AFR na súa circular “A las Agrupaciones Fotográficas Españolas” do ano 1967. Unha escola de fotografía sen alternativa para quen quixera satisfacer unha afección, ou mesmo facer da súa práctica un modo de vida.

Outro esforzo foi o feito a prol da **divulgación da fotografía**; desenvolvendo a súa actividade tanto participando en salóns en Galicia, como levando a fotografía galega a Cataluña, Valencia, Castilla-La

Mancha, Madrid, Castilla y León, a Asturias e a Portugal. Interese en ver e mostrar fotografía presente dende o inicio da súa andaina, pois a súa primeira gran exposición «Xentes e Paisaxes do Ribeiro” itine-rou por España dende 1968 ata 1970, e o “Salón da Fotografía Galega” foi concibido e se mantivo como mostra ambulante durante os seus cinco anos de vida.

A AFR é unha das creacións da **activa sociedade ribadaviense** da segunda metade dos anos sesenta. É nese contexto dunha cidadanía que foi quen de construír o Cine Club Ribadavia ou a agrupación cultural Abrente, o que explicar a xénese, a acollida e a intensa actividade desenvolvida pola agrupación fotográfica ribadaviense.